



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Anuncio: licitación de licenza de uso común especial para a instalación de servizo de bar durante a celebración do Festival do Pampallín

ANUNCIO: LICITACIÓN DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DE SERVIZO DE BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL DO PAMPALLÍN.

SUMARIO

Resolución de Alcaldía de data 25/03/2024 do Concello de Outes pola que se aproban as bases e a convocatoria para a adxudicación de 1 licenza de uso común especial de ben de dominio público en réxime de concorrencia, para a instalación de Servizo de Bar durante a celebración do Festival do Pampallín.

TEXTO

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0157 de data 25/03/2024 as bases e a convocatoria para a adxudicación de 1 icenza de uso común especial de ben de dominio público en réxime de concorrencia, para a instalación de Servizo de Bar durante a celebración do Festival do Pampallín, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria como ANEXO ó presente Anuncio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do este Concello [dirección <https://outes.sedelectronica.gal/>].

Os Modelos de Declaración responsable e proposición económica, tanto individual como colectiva, poden descargarse dende o Portal de Transparencia aloxado na Sede Electrónica [dirección <https://outes.sedelectronica.gal/transparency>].

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pode interporse alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Outes, 25 de marzo de 2024

O Alcalde,

Asdo. Manuel González López

2024/2086